



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



centro autonómico
de formación e innovación

INFORME

MOBILIDADE A IRLANDA DO PROFESORADO DO KA101 “PROFESORES COMPETENTES DESDE LA PERSPECTIVA STEM”

Javier Seoane Bascoy

Departamento de Educación Dixital

12 - 17 de xaneiro de 2020



1. CONTEXTO

O consorcio KA101 “Profesores competentes desde la perspectiva STEM” está conformado polos centros IES A Cachada, IES de Meaño, IES Pino Manso, IES Carlos Casares, IES Arcebispo Xelmirez II e IES da Pobra.

Esta foi a cuarta e última das mobilidades previstas neste proxecto (orixinalmente contemplábanse tres saídas neste proxecto) e desenvolveuse entre os días 12 e 17 de xaneiro de 2020. Acudiron un profesor de cada centro participante e o asesor do CAFI Javier Seonae Bascoy (Departamento de Educación Dixital).

O obxecto da mobilidade é a observación docente dos centros educativos: [St. Brogan’s College](#) (Bandon) e [St. Aidan’s Community College](#) (Cork) e as súas experiencias de traballo no ámbito do STEM.

Inicialmente tamén se contramplaba a realización dun curso de formación organizado polo CDET (Cork Department of Education and Training Board) que foi cancelado por parte dos citados organizadores a poucos días do comezo desta mobilidade. Dito curso consistía en pequenos seminarios onde algúns dos temas a tratar eran:

- Presentación das metodoloxías que se están a seguir no sistema educativo de Irlanda para a implementación do STEM nas aulas.
- Exemplos de boas prácticas que se levaran ou se estén a levar neste campo.
- Formación recibida/ofertada ao profesorado irlandés para a implementación do STEM.
- Organización do sistema educativo irlandés.

Xunto a estes seminarios tamén se contemplaba a posibilidade de facer algunha reunión/xuntanza/entrevista con profesorado ou responsables dos centros educativos co fin de intercambiar impresións e experiencias.



2. LOXÍSTICA DA MOBILIDADE

O grupo de profesores desprazouse ata Cork o domingo día 12 de xaneiro:

IDA:

- Desprazamento en dous coches particulares ata o aeroporto de A Coruña.
- Voo A Coruña - Londres.
- Voo Londres - Cork.
- Bus Aeroporto de Cork - Estación de Autobuses

REGRESO:

- Desprazamento en taxi dende o hotel ata o aeroporto de Cork.
- Voo Cork - Londres.
- Voo Londres - A Coruña.
- Desprazamento en dous coches particulares.

A hospedaxe na cidade de Cork fíxose no hotel: **Hotel Jurys Inn Cork**.

Debido ás distancias entre os centros educativos e o hotel o profesorado desprazouse en bus ao centro St. Brogan's College e a pé e/ou taxi ao centro St. Aidan's Community College. Os regresos dende este último centro foron sempre nun vehículo privado dun dos profesores do centro.

3. OBSERVACIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS

Co fin e alterar o mínimo posible o funcionamento diario dos centros e así poder facer a observación o menos adulterada posible, o grupo de profesores deste proxecto dividiuse en dous grupos. O primeiro deles (de agora en diante **Grupo AB**) atopábase formado polos docentes: Ana, Marga, Pialr e Javier; mentres que o outro grupo (de agora en diante **Grupo CD**) atopábase formado polos docentes: Adriana, César e José Luis.



Deste xeito, o Grupo AB realizou a observación durante os días 13 e 14 no centro St. Aidan's, mentres que o Grupo CD a realizou no centro St. Brogan's. Durante os días 15 e 16 as observacións fixéronse á inversa.

Cabe destacar, que durante as diferentes observacións os dous grupos subdividíronse a súa vez en dous subgrupos, facendo cada un destes novos subgrupos observacións en diferentes aulas.

St. Aidan's Community College

Centro educativo de educación secundaria (Post Primary School) que conta con arredor de 400 alumnas e alumnos. Actualmente trátase dun dos centros pertencentes o programa irlandés DEIS (Delivering Equality of Opportunity in Schools), plan de acción do Departamento de Educación e Habilidades para a inclusión educativa.

O programa de observación que se propuso por parte do centro para as diferentes observacións foi o seguinte:

Monday 13th January 2020		
	Group A	Group B
9.40-10.20	Biology (5 th Yr) John Doyle (G07)	Metalwork (3 rd Yr) Eamon Breen (B02)
10.20-11.10	Discussion & Coffee	
11.10-11.50	Physics (6 th Yr) Mike Forde (G08)	Biology (6 th Yr) John Doyle (G07)
11.50-12.30	Discussion	
12.30-1.10	Engineering (6 th Yr) Eamon Breen (B02)	Science (2 nd Yr) John Doyle (G07)
1.10	Lunch & Further Discussion with Mike Forde	
Tuesday 14th January 2020		
	Group A	Group B
12.30	Lunch with Mike Forde	
1.50 -2.30	Maths (6 th Yr) Marianne Heneghan (D05)	Engineering (4 th Yr) Eamon Breen (B02)
2.30 – 3.10	Engineering (4 th Yr) Eamon Breen (B02)	Maths (2 nd Yr) Una Hegarty (B03)
3.10-3.50	Biology (6 th Yr) John Doyle (G07)	Physics (6 th Yr) Mike Forde (G08)
Wednesday 15th January 2020		
	Group C	Group D
9.40 -10.20	Engineering (6 th Yr) Eamon Breen (B02)	STEM Careers (4 th Yr) Mike Forde (G03)
10.20-11.00	Maths (2 nd Yr) Una Hegarty (B03)	Engineering (6 th Yr) Eamon Breen (B02)
11.00-11.10	Coffee	



11.10-11.50	Physics (6 th Yr) Mike Forde (G08)	Biology (6 th Yr) John Doyle (G07)
11.50 -12.30	Discussion	
12.30	Lunch & Further Discussion with John Doyle	
Thursday 16th January 2020		
	Group C	Group D
11.50-12.30	Maths (6 th Yr) Marianne Heneghan (D05)	Science (3 rd Yr) John Doyle (G07)
12.30- 1.10	Biology (5 th Yr) John Doyle (G07)	Metalwork (3 rd Yr) Eamon Breen (B02)
1.10	Lunch & Further Discussion with Eamon Breen	
3.10	Science (2 nd Yr) John Doyle (G07)	Metalwork (3 rd Yr) Eamon Breen (B02)

Cabe destacar que, aínda que as clases observadas contaban cunha boa, ou moi boa dinámica por parte do profesorado, botouse en falta tanto a existencia de prácticas STEM propiamente ditas como de proxectos interdisciplinares en xeral.

Dentro das materias observadas cabe destacar a diferenza de metodoloxías que se daban entre elas. Por unha parte, nas materias Metalwork e Engineering seguíase unha metodoloxía de traballos por proxectos colaborativa, cada alumna e alumno tiña o seu proxecto individual, pero podíanse axudar entre eles nos diferentes pasos. Pola contra, nas materias de Matemáticas, Física e Ciencias a metodoloxía empregada era máis “tradicional”, consistente en clases expositivas. Non obstante, en todas elas, o emprego da pizarra dixital era unha constante. Destacar tamén, que algún dos docentes empregaba repositorios estilo Googleclassroom onde colgaban diferentes materias para o alumnado.

O ratio máximo de alumnado por aula nas materias prácticas é de 24, mentres que en materias como Historia pode chegar a 32. Non obstante, o ratio observado nas materias observadas foi inferior a estes valores, rondando os 20 alumnos por aula ou menos.

St. Brogan's College

Centro educativo de educación secundaria (Post Primary School) que conta con algo máis de 500 alumnas e alumnos. Actualmente, como acontece co centro St. Aidan's Community College, trátase dun dos centros pertencentes o programa irlandés DEIS (Delivering Equality of Opportunity



in Schools), plan de acción do Departamento de Educación e Habilidades para a inclusión educativa. Neste sentido, foi sorprendente tanto o elevado número de alumnado con necesidades especiais como o alto número de profesionais cos que contaba o centro para atendelos, chegando a tres profesionais para un grupo de seis alumnas e alumnos.

O programa de observacións proposto polo centro receptor foi o seguinte:

Time	Monday	Tuesday	Wednesday	Thursday	Friday
9:45 – 10:25	Meeting with Mrs. Helen Cadogan, Principal .		5 th year Physics with Michael Connern in D7.		
10:25 – 10:40					
10:40 – 11:20	6 th year Agricultural Science class with Josephine Kelleher in D6.		1 st year Metalwork with Carmel Connolly in C1.		
11:20 – 12:00	4 th Chemistry with Karen Keohane in D6.		SEN Meeting with Mary Foley.		
12:00 – 12:40	BT Young Scientist Celebration in Hall.	5 th year Maths class with Derek Mitchell in F1.		SNA Team meeting	
12:40 – 1:20		3 rd year Science with Zoe Dinneen in D5.		Meeting with Karen Keohane.	
1:20 – 2:00					
2:00 – 2:40		Meet with Laura O Regan -BTYS Coordinator.		Meet with Sue Brennan for an Animal care class	



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



centro autonómico
de formación e innovación

				with Rang losaif.	
2:40 – 3:20		1 st year Home Economics with Karen Corbett in E2.			
3:20 – 4:00					

Centro cunha metodoloxía, en xeral, moi similar ao St. Aidan's Community College. Ao igual que neste, e aínda que na materia Metalwork se traballa por proxectos colaborativos co alumnado, non existen proxectos multidisciplinares que engloben diferencias materias. Neste sentido, tampouco se leva a cabo ningunha metodoloxía nin actividade cuxo obxectivo sexa o fomento do STEM.

No que se refire á organización do centro é interesante destacar que todos os días, durante os primeiros oito minutos da mañá, o titor de cada grupo reúne co seu grupo para tratar os diferentes conflitos que puideran xurdir o día anterior.

Finalmente, un aspecto que chamou profundamente a atención dos participantes neste proxecto, foi o trato á Língua Irlandesa na súa hora de clase, como se se tratase dunha lingua estranxeira, onde o idioma principalmente usado durante a hora foi o Inglés.